



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Abril 2021

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2021

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 33,3% en Galicia en abril de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España crece un 38,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación mantéñense estables (0,0%) e no Resto de produtos crecen un 70,3%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas no mes de abril.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 39,3% en Galicia no mes de abril de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 44,5%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do -0,6% en Galicia e do 0,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en nove comunidades autónomas no mes de abril.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Abril 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	102,1	33,3	7,4
Xeral sen estacións de servizo	103,5	30,0	8,1
Alimentación	99,2	0,0	0,3
Resto	106,5	70,3	15,4

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	30,0	8,1
Resto	30,0	7,9

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 33,3% en Galicia en abril de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España crece un 38,5%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 30,0% respecto a abril de 2020 en Galicia e un 34,7% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación mantén as súas vendas (0,0%) en Galicia mentres que diminúen un 2,2% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 70,3% en Galicia e do 102,9% no conxunto do Estado.

Nos primeiros catro meses do ano, o índice xeral aumenta un 7,4% en Galicia e un 5,9% no conxunto de España. Tanto as vendas en Alimentación como no Resto de produtos incrementan as súas vendas en Galicia, 0,3% e 15,4% respectivamente. En España rexístrase unha redución das vendas minoristas na Alimentación, -2,6%, e un aumento do 14,2% no Resto.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 29,0%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas crecen en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Madrid (48,6%), Illes Balears (42,4%) e Andalucía (40,6%), mentres que Extremadura (25,3%) e Navarra (28,1%) rexistran os menores crecementos.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2021

Taxas de variación en %



No que vai de ano, soamente Canarias rexistra un descenso nas vendas, -2,7%. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (12,9%), Cantabria (7,9%) e Galicia (7,4%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 39,3% en Galicia no mes de abril de 2021, e un 44,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 34,0% en Galicia e un 38,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 0,5% e no Resto de produtos un 79,2%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación diminúen un 1,9% e no Resto de produtos aumentan un 113,5%.

Índices de comercio polo miúdo. Abril 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	107,3	39,3	9,3
Xeral sen estacións de servizo	108,8	34,0	10,2
Alimentación	108,0	0,5	1,7
Resto	108,8	79,2	17,9

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	39,3	9,3
Xeral sen estacións de servizo	34,0	10,2
Alimentación	0,5	1,7
Resto	79,2	17,9

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral rexistra unha taxa do 9,3% en Galicia e do 7,7% no conxunto do Estado.

As vendas en Alimentación aumentan no que vai de ano un 1,7% en Galicia mentres que diminúen un 1,5% en España. No Resto de produtos, as vendas crecen un 17,9% en Galicia e o 16,8% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do -0,6% no mes de abril en Galicia e do 0,0% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación diminúe un 1,7% en Galicia e o 2,3% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en nove comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Castilla - La Mancha e Comunitat Valenciana (ambas 1,9%). As maiores baixadas prodúcense en Canarias (-4,4%) e Illes Balears (-2,2%).

No que vai de ano, todas as comunidades autónomas perden emprego. Os maiores descensos rexístranse en Canarias (-7,0%) e Illes Balears (-4,4%).

Índice xeral de ocupación. Abril 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	107,3	39,3	9,3	102,1	33,3	7,4
Xeral sen estacións de servizo	108,8	34,0	10,2	103,5	30,0	8,1
Alimentación	108,0	0,5	1,7	99,2	0,0	0,3
Resto	108,8	79,2	17,9	106,5	70,3	15,4
España						
Xeral	101,7	44,5	7,7	96,7	38,5	5,9
Xeral sen estacións de servizo	102,3	38,7	7,6	97,5	34,7	5,5
Alimentación	108,6	-1,9	-1,5	99,9	-2,2	-2,6
Resto	97,5	113,5	16,8	95,6	102,9	14,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	111,3	37,7	9,7	108,3	29,0	7,8
Xeral sen estacións de servizo	115,1	33,3	11,3	110,1	27,3	8,9
Alimentación	111,1	0,1	2,5	101,9	-0,1	1,4
Resto	114,8	76,5	19,3	114,9	68,9	17,7
España						
Xeral	108,8	47,1	8,5	104,5	41,0	7,0
Xeral sen estacións de servizo	109,7	40,7	8,4	105,6	37,2	6,6
Alimentación	112,6	0,8	-0,6	103,8	0,3	-1,7
Resto	106,2	116,4	18,4	106,5	107,2	16,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,7	44,5	7,7	96,7	38,5	5,9
Andalucía	99,0	46,2	5,4	94,4	40,6	3,7
Aragón	98,3	44,8	8,4	94,0	38,1	6,5
Asturias	98,0	41,0	7,4	93,8	35,0	5,7
Balears, Illes	97,4	49,4	6,9	92,9	42,4	4,6
Canarias	89,1	39,4	-2,0	84,9	36,0	-2,7
Cantabria	95,9	41,5	9,8	91,0	35,8	7,9
Castilla y León	94,0	38,3	4,8	89,2	32,1	2,9
Castilla-La Mancha	104,3	37,3	7,0	98,9	31,0	5,3
Cataluña	97,2	44,9	6,8	91,5	38,9	5,0
Comunitat Valenciana	101,3	41,7	7,6	97,0	35,4	5,5
Extremadura	91,2	30,4	1,9	86,9	25,3	0,1
GALICIA	107,3	39,3	9,3	102,1	33,3	7,4
Madrid	118,9	54,8	14,7	113,4	48,6	12,9
Murcia, Región de	101,5	45,1	7,4	97,2	39,6	5,7
Navarra	99,1	34,8	6,6	93,4	28,1	4,4
País Vasco	101,8	38,6	9,0	95,8	32,5	6,9
Rioja, La	99,4	38,3	4,6	94,3	32,6	3,1
Ceuta	76,6	35,9	-3,3	72,9	31,5	-5,3
Melilla	77,5	54,4	-5,4	73,5	48,4	-8,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,0	-0,6	-1,7
Xeral sen estacións de servizo	100,7	-0,5	-1,6
España			
Xeral	101,1	0,0	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	101,1	0,1	-2,2

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Abril 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,1	0,0	-2,3
Andalucía	97,6	-0,4	-3,0
Aragón	102,4	1,5	-0,5
Asturias	102,6	-0,2	-1,7
Balears, Illes	100,6	-2,2	-4,4
Canarias	99,2	-4,4	-7,0
Cantabria	98,5	0,0	-2,3
Castilla y León	101,7	0,4	-1,3
Castilla-La Mancha	100,1	1,9	-0,6
Cataluña	100,1	-1,0	-3,0
Comunitat Valenciana	106,9	1,9	-0,1
Extremadura	100,1	1,8	-0,8
GALICIA	101,0	-0,6	-1,7
Madrid	102,2	1,1	-1,9
Murcia	101,3	0,1	-2,0
Navarra	100,4	0,4	-2,9
País Vasco	102,9	1,6	-0,4
Rioja, La	101,8	-1,2	-2,7
Ceuta	98,2	0,1	-1,8
Melilla	98,6	-1,6	-3,5

Fonte: INE